

Concello de Moraña

Ref.: dagc/ppr

Expediente: LAT 66/220 kV SET Pico Touriñán - SET Tibo (IN407A 2011/350)

Asunto: **Resolución do 17 de xaneiro de 2024, da Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Economía, Industria e Innovación, pola que se somete a información pública a modificación da solicitude de declaración de utilidade pública, en concreto, e da necesidade de urxente ocupación que iso implica, da liña de alta tensión 66/220 kV entre SET parque eólico Pico Touriñán – SET Tibo nos concellos de Cerdedo-Cotobade, A Estrada, Campo Lameiro, Moraña, Portas e Caldas de Reis (expediente IN407A 2011/350)**

Achégolle a resolución citada no asunto, xunto coa documentación técnica asociada a esta (relación concreta e individualizada modificada dos propietarios de bens e dereitos afectados polo proxecto e plano parcelario dos predios afectados), para que a manteñan exposta ao público no seu taboleiro de anuncios durante un prazo de 30 días hábiles e que a documentación poida ser consultada nese Concello polas persoas interesadas. A dita resolución foi publicada no *Diario Oficial de Galicia* e no xornal *Faro de Vigo* o 22.02.2024.

Unha vez rematado o prazo de información pública, deberá devolver a esta xefatura territorial unha dilixencia acreditativa da súa exposición, acompañada, de ser o caso, dos escritos de alegacións presentados.

A documentación pode ser descargada a través das seguintes ligazóns:

Resolución:

<https://amtegabox.xunta.gal/index.php/s/tSHGoJKxKgZaKL6>

Documentación técnica asociada :

<https://amtegabox.xunta.gal/index.php/s/dwHN3ZLFgTPMJy8>

Pontevedra, na data indicada ao marxe

A xefa do Servizo de Enerxía e Minas

